

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. A composición da Comisión de Consentimento Informado será determinada:

- A) Por Decreto da Xunta de Galicia
- B) Por Orde da Consellería de Sanidade
- C) Por Lei
- D) Por Resolución da Dirección Xeral de asistencia sanitaria do Sergas

2. A efectos da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, entenderase por risco laboral:

- A) A enfermidade, patoloxía ou lesión sufrida con motivo ou ocasión do traballo
- B) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo
- C) Calquera máquina, aparato, instrumento ou instalación utilizada no traballo
- D) Calquera característica do traballo que poida ter unha influencia significativa na xeración de riscos para a seguridade e a saúde do traballador

3. Segundo o Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, indique cal das seguintes retribucións é considerada básica:

- A) Os trienios
- B) O complemento de destino
- C) O complemento de carreira
- D) O complemento de produtividade

4. Segundo o Decreto 168/2010, do 7 de outubro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, indique cal das seguintes afirmacións é a correcta:

- A) Estas estruturas asumirán con autonomía funcional e de forma integrada, a xestión dos recursos, prestacións e programas da atención sanitaria, so no nivel de atención primaria
- B) Estas estruturas asumirán con autonomía funcional e de forma integrada a xestión dos recursos, prestacións e programas da atención sanitaria, so do nivel de atención primaria e especializada
- C) Estas estruturas asumirán, con autonomía funcional, de forma integrada a xestión dos recursos, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria como especializada, así como sociosanitaria e de promoción e protección da saúde
- D) Estas estruturas asumirán a xestión dos recursos, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria como especializada, así como sociosanitaria

5. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, indique cal das seguintes é unha competencia da Consellería de Sanidade:

- A) A aprobación do Plan de saúde de Galicia
- B) A elaboración do proxecto do Plan de saúde de Galicia e a súa remisión ao Consello da Xunta de Galicia
- C) A aprobación do proxecto de orzamento da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde
- D) A aprobación de novas prestacións

6. O réxime de protección de datos de carácter persoal establecido na LOPD 15/1999, do 13 de decembro, non será de aplicación:

- A) Aos ficheiros mantidos por persoas físicas no exercicio de actividades exclusivamente persoais ou domésticas
- B) Aos ficheiros sometidos á normativa sobre protección de materias clasificadas
- C) Aos ficheiros establecidos para a investigación do terrorismo e de formas graves de delincuencia organizada, aínda que se comunicará previamente a existencia do mesmo á Axencia de protección de datos
- D) Todas as respostas anteriores son correctas

7. No Estatuto marco do persoal estatutario dos sevizos de saúde, cando fala de xornada complementaria establece que:

- A) A duración máxima conxunta dos tempos de traballo correspondentes á xornada complementaria e á xornada ordinaria será de 48 horas semanais de traballo efectivo de promedio en cómputo trimestral, salvo que mediante acordo, pacto ou convenio colectivo se estableza outro cómputo
- B) A duración máxima conxunta dos tempos de traballo correspondentes á xornada complementaria e á xornada ordinaria será de 48 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo semestral, salvo que mediante acordo, pacto ou convenio colectivo se estableza outro cómputo
- C) A xornada complementaria poderá ter nalgún caso a condición e tratamento establecido para as horas extraordinarias
- D) A duración máxima conxunta dos tempos de traballo correspondentes á xornada complementaria e á xornada ordinaria será de 48 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual, salvo que mediante acordo, pacto ou convenio colectivo se estableza outro cómputo

8. Ao amparo da lei 3/2001, reguladora do consentimento informado, cal dos seguintes informes NON terá que ser conservado indefinidamente?

- A) Informe de alta
- B) Informe de anestesia
- C) Folla de petición de interconsulta
- D) Informe de exploracións complementarias

9. Cal das seguintes competencias en materia de sanidade é exclusiva do Estado?

- A) Control sanitario dos cemiterios
- B) Control sanitario de edificios e lugares de vivenda
- C) Control dos posibles riscos para a saúde derivados da importación ou exportación de mercadorías
- D) Ningunha das expostas é competencia do Estado

10. Cal dos seguintes suxeitos non poderían participar nun proceso selectivo para unha praza como persoal estatutario fixo:

- A) O que leve 4 anos separado do servizo en virtude de sanción disciplinaria
- B) O que non teña a titulación esixida na convocatoria pero estea en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes
- C) Un cidadán francés
- D) Un suxeito de 64 anos de idade

1. Segundo a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, considérase discriminación directa por razón de sexo:

- A) A situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros pon a persoas dun sexo en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro
- B) A situación en que se atopa unha persoa que sexa, fose ou puidese ser tratada, en atención ao seu sexo, de maneira menos favorable que outra
- C) A situación en que se atopa unha persoa que sexa, fose ou puidese ser tratada, en atención ao seu sexo, de maneira menos favorable que outra en situación comparable
- D) Todas as respostas anteriores son correctas

2. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde que non tome posesión da praza adquirida en concurso de traslados:

- A) Perde a condición de persoal estatutario
- B) Pasa á situación de excedencia forzosa
- C) Será obxecto de expediente disciplinario
- D) Pasa á situación de excedencia voluntaria por interese particular